



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 29/07/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A vía romana a *Bracara Asturicam por Lugo*, a *vía XIX do Itinerario Antonino* percorre as parroquias de Vilaboa, Figueirido e Bértola. En concreto, existen tres miliarios que foron atopados no lugar de Paredes, parroquia de Vilaboa, e un cuarto que foi atopado nun lugar indeterminado do noso municipio.

A Deputación de Pontevedra realizou nos últimos anos o proxecto *Vías atlánticas* para a posta en valor deste primitivo camiño romano. A respecto do noso concello, a Deputación tomou algunhas decisións que o BNG de Vilaboa non comparte e é necesario corrixir. Na guía editada dise de xeito literal: "Desde este punto, la Vía Romana XIX continuaría en dirección recta hacia Paredes. Unos dos km. más adelante nos incorporaremos de nuevo a la N-550. No obstante, en este punto, encontramos una señal de tipo B que propone continuar por una ruta alternativa, dirigiéndonos en dirección hacia A Canicouva-Vilar. Se ha elegido este trazado alternativo por razones de seguridad (la vía Romana atravesaría las actuales carretera N-550 y la vía del ferrocarril, y por razones paisajísticas (este trazado alternativo es más atractivo para el senderista).

Pois ben, as razóns elixidas para desviar a rota de Paredes non parecen de moito peso xa que significan desvirtuar a realidade histórica da vía romana que percorría a depresión meridiana sen desviarse dela. As razóns de seguridade esgrimidas non son suficientes posto que por eses lugares andan os veciños e veciñas de Paredes sen que se teña detectado ningunha maior incidencia de accidentes de tránsito peonís e, ademais, de ser necesario, corríxense cos elementos de seguridade vial que sexan precisos, coma beirarrúas e outros. As razóns paisaxísticas, tal e como di na guía, non precisa maior comentario por ser unha apreciación subxectiva dificilmente mensurable.

Por outra banda, en Paredes atopáronse tres miliarios da vía romana XIX e un cuarto foi atopado tamén nos lindes do noso concello, hoxe custodiados no Museo de Pontevedra. A fin de crear un lugar de interese didáctico e turístico máis no noso concello, o BNG propón ubicar réplicas destes miliarios no lugar da Canteira, en Paredes, coa reprodución do que sería a antiga vía romana e os miliarios, con sinais indicativos suficientes e paneis explicativos do que a vía era.

Por todo isto, o BNG propón a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. Demandar da Deputación de Pontevedra desculpas oficiais polo tratamento dado ao lugar de Paredes na guía *Vías Atlánticas* e a corrección de sucesivas edicións da guía a fin de respectar o trazado orixinal da vía romana XIX.

Segundo. Solicitar á Deputación de Pontevedra o investimento necesario para adecuar ás condicións de seguridade vial o tramo da vía romana XIX que percorre Paredes, se se considera necesario.

Terceiro. Solicitar da Deputación de Pontevedra para que a través da Escola de Canteiros se realicen réplicas dos miliarios atopados no noso concello e a realización dunha replica da vella vía romana no lugar da Canteira en Paredes.

Vilaboa, 21 de xullo de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA